

Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

**CONVOCATORIA DE PRAZAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS
ACADÉMICAS NO MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN ESTUDOS
INGLESES AVANZADOS E AS SÚAS APLICACIÓNS.**

CURSO ACADÉMICO 2013-2014

Normativas de aplicación:

Real Decreto 1393/2007 do 29 de outubro polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais; Normativa de prácticas externas en empresas e institucións (aprobada polo Consello de Goberno da USC do 30 de maio de 2008); Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade da Coruña (aprobado en Consello de Goberno do 23 de abril de 2013); e Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo (aprobado en Consello de Goberno do 24 de maio de 2012).

1. Calendario da presente convocatoria:

- 1.1 Publicación da Convocatoria: **17 de febreiro 2014**
- 1.2 Prazo de presentación de solicitudes nos decanatos: **do 18 ao 24 de febreiro de 2014**
- 1.3 Publicación da listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas: **25 de febreiro 2014**
- 1.4 Presentación de reclamacións á listaxe provisoria: **do 26 ao 28 de febreiro de 2014**
- 1.5 Publicación da listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas: **6 de marzo de 2014**
- 1.6 Publicación da listaxe provisoria de adxudicacións: **13 de marzo de 2014**
- 1.7 Publicación da listaxe definitiva de adxudicacións: **18 de marzo de 2014**

2. Requisitos dos candidatos:

- 2.1 Estar regularmente matriculado nos estudos de Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións.
- 2.2 Solicitar nos Decanatos, achegando a documentación pertinente e nos prazos indicados no apartado 1., a participación no proceso de selección de candidatos para a realización das prácticas.

3. Proceso de selección:

- 3.1 Os estudantes incluirán no impreso de solicitude todas as empresas/institucións nas que desexen realizar as prácticas por orde de preferencia.
- 3.2 A comisión académica do mestrado procederá a adxudicar as prazas en función das preferencias manifestadas polos solicitantes. Naqueles casos en que haxa máis solicitantes para unha empresa/institución que prazas dispoñibles os candidatos serán baremados segundo a porcentaxe que se indica no apartado 3.3
- 3.3 Para a asignación de prazas se terá en conta o expediente académico do estudante (60%) e o lugar de residencia habitual do solicitante (40%).

4. Características académicas, organización e oferta:

- 4.1 As prácticas realizadas en empresas e institucións terán carácter formativo.
- 4.2 As prácticas, pola súa natureza formativa ao estar integradas no sistema de créditos do Máster, teñen o carácter dunha materia do título, polo que non serán remuneradas.
- 4.3 Todas as prácticas terán unha duración de 150 horas e equivalerán a 6 ECTS. Nas 150 horas de duración están comprendidas as horas para a redacción da memoria das actividades realizadas no período de prácticas que o estudante deberá entregar ao seu titor e que, xunto coa valoración do traballo desenvolvido, será tida en conta á hora de avaliar o período de prácticas.
- 4.4 As prácticas realizaranse no horario que cada candidato seleccionado acorde coa empresa ou institución de acollida. O lugar de realización das prácticas será, habitualmente, a sé da empresa ou institución.
- 4.5 As empresas e institucións colaboradoras nesta convocatoria, as prazas ofertadas e o semestre de realización de prácticas son as que figuran a continuación:

EMPRESA/INSTITUCIÓN	SEMESTRE	LUGAR	Nº PRAZAS
----------------------------	-----------------	--------------	------------------

Centro de Linguas, UDC	Segundo	A Coruña	2
Instituto Universitario de Estudos Irlandeses AMERGIN, UDC	Segundo	A Coruña	3
DousCents Consulting	Segundo	A Coruña	3
Edicións GALEBOOK	Segundo	A Coruña	2
Editorial NETBIBLO	Segundo	Oleiros, A Coruña	3
Centro de Linguas Modernas, USC	Segundo	Santiago	1
		Lugo	1
Oficina de Relacións Exteriores, USC	Segundo	Santiago	2
Oficina Web, USC	Segundo	Santiago	2
Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, USC	Segundo	Santiago	2
Servizo de Publicacións, USC	Segundo	Santiago	2
GI-1383 Variation, Linguistic Change and Grammaticalization, USC	Segundo	Santiago	1
GI-1762 Spoken English Research Team at the USC	Segundo	Santiago	1
GI-1924 Discourse and Identity Research Group, USC	Segundo	Santiago	1
Concello de Santiago de Compostela	Segundo	Santiago	3
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades	Segundo	Santiago	5
Fundación Cidade da Cultura	Segundo	Santiago	3

de Galicia			
Centro PEN Clube Galicia	Segundo	Santiago	3
Fundación Araganey	Segundo	Santiago	3
Grupo El Correo Gallego	Segundo	Santiago	3
Teófilo Comunicación	Segundo	Santiago	3
Biblioteca Central, UVigo	Segundo	Vigo	2
Fundación Universidade de Vigo	Segundo	Vigo	2
Vicerreitorado de Relacións Internacionais, UVigo	Segundo	Vigo	3
Vicerreitorado do Campus de Pontevedra	Segundo	Pontevedra	2
Colexio Internacional SEK-Atlántico	Segundo	Poio, Pontevedra	2
ISTRAD –Centro Superior de Estudos Lingüísticos e Tradución	Segundo	Sevilla, online	3

NOTA INFORMATIVA: A convocatoria e listaxes serán publicadas na páxina web oficial do título (<http://www.imaes.eu>), nos taboleiros de información das Facultades de Filoloxía das tres Universidades participantes no título, así como nas páxinas web das tres Facultades.

En Santiago de Compostela, a 17 de febreiro de 2014



Margarita E. Saá

Ass.: Margarita Estévez Saá

Coordinadora do Título